

TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

Nº 21 · xaneiro - marzo 2013

1€

Neste número:

Editorial: Balance do Ano de Añón.

XI Encontro de embarcacións tradicionais

O Castelo de Outes

A depuración de mestres de Outes (III)

Congreso F. Añón

e as nosas seccións habituais...

Entrevista a
Rodrigo Román



Editorial**BALANCE DO ANO AÑÓN**

No 2012 celebrouse o bicentenario do nacemento en Boel do poeta Francisco Añón. Era un aniversario que a nosa asociación non podían deixar pasar sen aproveitar a ocasión para recordar o seu legado.

Unha herdanza incommensurable, xa que a dimensión da súa figura e a súa obra non se poden ponderar só na súa relación con Outes, senón que é un dos forxadores da literatura galega, porque el alimentou coa súa poesía a Rosalía, Curros e Pondal. Sen a súa contribución fundamental os piares do Rexurdimento non terían base sobre a que asentarse con firmeza, como ficou de manifesto no curso de verán que se celebrou en Outes no mes de xullo e no congreso sobre a súa personalidade que tivo lugar na Cidade da Cultura de Santiago o pasado mes de outubro.

Iso significa que sen a súa decisiva intervención a lingua galega quedaría sen expresión culta. No paso á modernidade económica, social e cultural que se deu naquel momento, o galego, reducido a un uso puramente oral quedaría abocado á marxinalidade, como as linguas que non conseguiron dotarse do instrumento de expresión adecuado á nova realidade urbana e de medios de comunicación de masas; acabaría desaparecendo, como lle pasou ao aragonés, o provenzal e está a piques de sucederlle ao gaélico, tanto escocés como irlandés.

É por el, polo tanto, que Galicia segue conservando o seu sinal de identidade. É por este motivo que todos os actos de homenaxe nos que participaron todo o asociacionismo de Outes, centros escolares e corporación municipal, pero tamén Deputación Provincial, Xunta de Galicia e Real Academia Galega foron plenamente xustificadas.

Se cos libros editados, concertos, recitais, certames de pintura, cursos, disco, revistas, cursos, retrato, placa de homenaxe e ofrendas florais conseguimos perpetuar o seu recordo en Outes durante douscentos máis, sentirémonos moi orgullosos, pero se ademais conseguimos colocar a Añón no lugar que realmente merece, como o auténtico pai das Letras Galegas, entón a nosa satisfacción será plena.

Honor ao noso poeta.

ÍNDICE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Historia	páxs. 4 a 6
Saudegalizando	páx. 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Miscelánea	páxs. 10 e 11
Opinión	páx. 12
Páxinas literarias	páx. 13
Reportaxe	páx. 14
Medio Ambiente	páx. 15
Os papeis de Añón	páx. 16

Director:

Xosé M. Vázquez

Consello de Redacción:

Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita:

A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com

Maqueta e imprime:

Grafinoia, S.L.

Portada:

Retrato de Añón, realizado por Alfonso Costa para a conmemoración do Bicentenario do nacemento do poeta.

ASESORÍA

Juan Agra

LABORAL FISCAL CONTABLE SEGUROS

Rúa Areal, s/n - San Ourente
15230 OUTES - A Coruña
Tfno./Fax: 981 850 909
email: juanagra@teleline.es

JOSEMA
Seguros

Av. Compostela Nº 12 – Baixo 2
15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20
E-mail : segurosjosema@terra.es

Cea de Nadal

É sabedoría popular que ao redor dunha mesa se cimentan as máis sólidas amizades e pola nosa xa longa experiencia en encontros gastronómicos, que se repetiron en numerosas ocasións (mariscadas, lacoadas, churrascadas, fideuás e lampreas) nos nosos sete anos de existencia, así o temos comprobado. Posiblemente un dos motivos do medre da nosa asociación é este, o cal explica que a tradicional cea de Nadal de Terra de Outes reunise máis asistentes ca nunca para dar conta dunha gran cantidade de paella que se encargou de preparar o Bar Pepe do Coxo o pasado 22 de decembro de 2012, no Freixo.



XI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galiza. O Freixo-Outes

Os días 11, 12, 13 e 14 de xullo celebrárase no porto do Freixo o XI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galiza, promovido pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF).

A FGCMF está integrada por un conxunto de asociacións de distintos lugares de Galiza que se federaron no ano 1993 e que ten como principais obxectivos a recuperación de embarcacións de tipoloxía tradicional, a realización de investigacións no eido patrimonial costeiro e marítimo, a dinamización das embarcacións tradicionais mediante a realización de concentracións, regatas e exhibicións, a difusión do patrimonio marítimo e fluvial galego, e o fomento do asociacionismo cultural nas vilas e lugares costeiros.

Os Encontros realízanse cada dous anos e necesítase o compromiso dunha asociación do concello escollido para levar o peso organizativo. A

Asociación Cívico Cultural Terra de Outes decidiu asumir este compromiso e presentar a candidatura para que se escollese o noso concello como lugar de celebración do Encontro. A decisión non foi fácil de tomar, conscientes do esforzo organizativo que ía supoñer, a enorme carga de traballo que se nos viría enriba e as dúbidas de se seríamos quen de levar adiante o proxecto cun mínimo de calidade. Despois de varias reunións da xunta directiva da nosa asociación, e botándolle un pouco de valor ao asunto, sabedores da importancia que ten para o conxunto dos outenses, decidimos embarcarnos, nunca mellor dito, no proxecto. Hai que dicir que non tomaríamos esta decisión se o alcalde de Outes, nunha entrevista informal que tivemos con el, non nos garantise o apoio da alcaldía e mesmo nos animase a atrevemos coa empresa.

A candidatura presentada por Terra de Outes foi aprobada por unanimidade da asemblea da FGCMF. Os aspectos máis relevantes desta candidatura, que se utilizaron como argumentario da idoneidade do noso concello para acoller o Encontro foron os seguintes:

A importancia que no concello de Outes tivo, e en boa medida segue a

ter, a carpintería de ribeira.

A adecuación das instalacións do porto do Freixo para os atraques das embarcacións.

O marisqueo e as embarcacións de tipoloxía tradicional que se adican á extracción dos moluscos.

O marco natural como embelecador da exhibición das embarcacións participantes, e a relevancia do esteiro Tins-Tambre como patrimonio natural marítimo fluvial recoñecido coa súa inclusión dentro da Rede Natura 2000.

Non podemos rematar este texto sen mencionar o agradecemento de Terra de Outes a todas as persoas, colectivos e asociación do concello que amosaron a súa disposición a colaborar con nós e que xa están a traballar nas distintas áreas organizativas:



Ás asociacións O Peirao do Freixo, Xente de San Orente, O Pedregal, Ponte Nafonso, Sueiro de S. Lorenzo... A todos os grupos políticos da corporación que aprobaron en pleno por unanimidade a celebración do Encontro e o compromiso de colaboración. A Confraría S. Bartolomé de Noia, que permite a ocupación da lámina de auga da súa competencia e nos permite a utilización da lonxa. Aos mariñeiros do Freixo, que non só aceptan as molestias, senón que

tamén mostran a súa disposición para facilitar os atraques e poñen a disposición os seus coñecementos sobre a ría para facilitar a navegación dos visitantes. Á deseñadora Mª Álvarez, a quen debemos o logo do Encontro. Aos hostaleiros cos que contactamos. A Xan García, que nos permitiu utilizar o seu libro *A carpintería de ribeira e o estaleiros no Concello de Outes*, e á Editorial Toxosoutos, que nos facilitou o material. A outros que esquecemos e pedimos desculpas.

Despedímonos, solicitando aínda máis colaboración a todos/as, e por suposto animándovos a participar neste especial S. Bieito que será sen dúbida unha festa máis nosa, máis bela e máis divertida.

Unha fortaleza medieval en Outes: O Castelo

Mingucho Campos

*Á miña curmá, María,
quen posúe aló unha propiedade
legada pola súa nai*

O Castelo é unha aldea do rural outense pertencente á parroquia de Outes (S. Pedro). Hai alí construídas na actualidade tres vivendas unifamiliares, cos seus correspondentes pendellos, que dan acubillo a outras tantas familias; entre elas, a de Antonio Núñez, ligado á miña familia de Lantarou, quen nos serve de guía a José M. Vázquez, convertido en reporteiro gráfico ocasional, e a min mesmo durante o percorrido nunha mañá fría, pero de ceo aberto, polos restos ruíns desta fortaleza. Neste caso, constitúese a aldea en tema de comentario pola construción nas súas inmediacións, durante o medievo, dun castelo-fortaleza ao que cuxamente debe o seu nome.

Cando se entra na Baixa Idade Media, despois de que Muros pasara (1299-1301) a depender da Mitra compostelá, constrúese a torre de Muros e dende esta os arcebispos composteláns dominaban a vila, xunto co seu alfoz, mentres non se construíu o castelo de Outes, nun terreo alto e de penedías, por mor de asegura-lo control de toda a ría de Muros-Noia e as terras do Xallas até Fisterra. O alfoz de Muros, amais das parroquias pertencentes na actualidade ao concello, abrangía Sabardes, Róo, Entíns e Tarás. Foi, xa que logo, unha decisión arcebispal a construción do castelo de Outes aproveitando as pedras dun asentamento castrexo (séculos V a. de C. e II d. de C.), que rematará dando nome ao concello. Lémbrese que no concello de Outes hai catalogados seis castros, un deles o situado nas inmediacións da aldea do Castelo. Outes provén do latín: *altis*, que significa xustamente alto (outo, no galego arcaico).

Esta fortaleza vai ser motivo de loitas durante a segunda metade do século XV, en agarradas polo seu dominio, ao ser a fortaleza máis importante do poder feudal na ría de Muros e Noia no momento da maior disputa polo poder señorial e ao converterse nun novo alfoz, separado do de Muros, polo que competirán os Mariño de Lobeira e a propia Igrexa de Santiago (rexida por Fonseca). Fica deshabitada a finais do século XVI e fora derrubada polos irmandiños de Muros e Noia, o campesiñado dos respectivos alfoces e a Mitra compostelá. Fonseca I, despois patriarca de Alexandría, pelexou primeiro contra os irmandiños, mais logo pactou con eles.

Como era o castelo de Outes? Antonio Mariño de Lobeira fai unha descrición “De la casa fuerte de la Sierra de Outes”, datada no 1687, da seguinte teor: “Un castillo muy alto, con un foso y contrafoso, y algunas almenas y muchas troneras, por todas partes; y sobre una puerta por donde se entra al castillo un escudo con las armas de los Mariños y Loveras, que ya están casi gastadas por el transcurso del tiempo, pero aún se divisa una sirena, dos lovos y una estrella. El castillo está casi arruinado por muchas partes... Tiene dicho castillo un jardín con una muralla, que la más della está demolida...” Mais esta descrición que fai Antonio Mariño de Lobeira é moi aclaratoria e non deixa lugar a dúbida ningunha. Refírese con total certeza ao castelo-fortaleza de Outes da época irmandiña. Lémbrese que serra é sinónimo de cordilleira, é dicir, unha unidade estrutural do relevo montañoso, máis alongada ca ancha, illada ou formando parte dunha serie, que recorda a forma dunha serra.

O castelo foi reconstruído por Garçia Martínez de Barbeira, quen estivera ao servizo do conde de Altamira, Lope Sancho de Moscoso, primeiro conde de Altamira e máximo inimigo do arcebispo Fonseca. Casara con dona Sancha Mariño de Lobeira, herdeira universal de Elvira de Valadares e do seu marido, Paio Mariño de Lobeira. A

Reconstrución do castelo de Outes.



reconstrución fixose co fin de recupera-lo control da ría Muros-Noia, da man dos Moscoso. A devandita reestruturación do castelo foi, xa que logo, un proxecto ben recibido polos de Altamira, pero, máis que nada, individual e persoal dos Martínez de Barbeira e Mariño de Lobeira.

Garçia Martínez de Barbeira era un ardido falcatrueiro que se facía acompañar dunha caste moi ruín, varios homes a cabalo, que se adicaban á rapina, roubos e a todo tipo de atracos. Realmente a veciñanza dos alfoces de Noia e Muros temíanos. Non era para menos!

Pedro Campixo, de Noia, lembra deste xeito ao cónxuxe de Sancha de Lobeira: “Garçia Martinez de Lobeira fixera de nuevo el castillo de Outes y... lo fixera para alli robar y aseñorear las villas de Noia y Muros, porque hera el mayor salteador y robador que avia en el Reino de Galicia (hipérbole esta, sen dúbida, xa que naquela época teño que dicir que había máis e meirandes...) y traia siete u ocho de caballo consigo...”.

Pedro Lorenzo de Sarnón asegura que Martínez de Barbeira: “...Abia echo mal y robos y se aseñoreaba de casi todo el reino (outra hipóbole) en que mandaba del dicho alfoz ansi los de la tierra del arzobispo de Santiago como los de Suero Gomez de Soutomaior y de otros fidalgos de dicho alfoz, salbo los del conde de Altamira, porque bebia con el...”. No imaxinario popular da época as fortalezas, coma a de Outes, eran consideradas coma verdadeiros niños de malfetores e malvados, lugares endiañados e de moitos arrepíos. Esta mesma testemuña confirmao así: “...Y tambien porque anda el diablo que hespanta las gentes que en el estan y quieren dormir...”. Pero, o seu testemuño deixa claro que o castelo de Outes, aos efectos xurisdiccionais e de recadación das rendas, roubos, rapinas, etc. pertencía aos Martínez de Barbeira-Mariño de Lobeira, inda que a familia ficaba ao servizo dos Moscoso, condes de Altamira e inimigos do arcebispo de Santiago. Sen embargo, Vasco de Aponte ten un mellor concepto do afouto, Garçia Martínez de Barbeira, e non fala destas atrocidades. Ora ben, tampouco as desmente.

O certo é que todos estes sucesos van constituí-lo pretexto dun conflito coa Mitra compostelá. Martín da Gándara, labrador da parroquia de S. Xián de Tarás e testemuña do preito Tabera-Fonseca II, ao que me referirei máis adiante, aclara o segundo asalto ao castelo-fortaleza, relatándoo desta teor: “...Vido que se ayuntaron los conçeijos de Noya y Muros e con ellos por capitan Esteban de Junqueras (Estevo de Xunqueiras era un cabaleiro ao servizo do arcebispo Fonseca I ao que lle derrubaran os irmandiños o seu castelo de Xunqueiras) e con trabucos que lleaban e con ellos el

dicho señor Patriarca (Fonseca I, despois nomeado patriarca de Alexandria) siendo arçobispo de Santiago, los quales todos lo tomaron al dicho Garçia Martinez y la entregaron al dicho señor Patriarca...” Fíxose este coa súa propiedade; mais, dona Sancha, á morte de Garçia Martínez, preiteou contra Fonseca, reclamando os seus dereitos e a correspondente indemnización polos danos causados á reedificación da fortaleza. O arcebispo foi condenado a pagarlle a dona Sancha 1000 dobras de ouro, inda que outros autores e estudosos do caso afirman que o arcebispo tan só pagou 600 dobras de ouro en compensación por este concepto. O castelo endexamais vai ser reparado, porque para a Igrexa de Santiago esta fortaleza xa carecía de valor. O único obxectivo para ela consistía en rematar cos roubos de Garçia Martínez de Barbeira e a súa caste de atracadores aos alfoces, vasalos e aos demais feudatarios da Mitra compostelá. En definitiva, un correctivo exemplar que amosara nidiamente a “xustiza da Igrexa”, desapareceran os despropósitos semellantes aos de Martínez de Barbeira e os dos seus protectores, obviando aqueloutros protagonizados pola Mitra, que tamén os había, e moitos.

Garçia Martínez de Barbeira e Estevo de Xunqueiras tiñan entre si unha inimidade manifesta. A dialéctica entrámbolos dous así fica reflectida por Vasco de Aponte, no asalto ás ruínas de Altamira polas tropas de Fonseca II, capitaneadas polo seu irmán, Diego de Acevedo.

–“...A, traydor, a mis manos as de morir...” –ameazou Estevo.

–“...O cornudo traidor: no as aca de entrar...” –respondeu Garçia.

O varudo, Garçia, salvouse dunha morte segura naquel asalto grazas á súa ousadía, á sorte, ao seu magnífico cabalo e a que Diego de Acevedo non deu ordes de seguilo, deixándoo fuxir.

O litixio entre Xoán Tabera e Alonso III de Fonseca e Ulloa (Fonseca II).

Cómpre aclarar que Alonso II de Fonseca, coñecido coma o “Patriarca”, ou Fonseca I, tivo como manceba a dona María de Ulloa, nai de Alonso III de Fonseca. Ben, o certo é que dous arcebispos entran en preito: Fonseca II (sucesor de Fonseca I, o “Patriarca”), despois de ter sido nomeado arcebispo de Toledo, vaise ver en preito co seu sucesor na Igrexa compostelá, Xoán Tabera, pola ruína e moi mala conservación da fortaleza-castelo de Outes, entre outras.

Diferentes testemuñas (Rui Fernández, o “Vello”, Xoán Prateiro, Pedro Siso...) deixan constancia de que a conservación do castelo non pagaba a pena. Sen embargo, con data 11 de outubro de 1526, dá comezo este preito na cidade de Salamanca, en presenza dos escribas Fernando de Briviesca e Pedro González, perante os que

comparecen Xoán de Álava, mestre de cantaría e veciño da cidade, nomeado por Fonseca, e Xoán Gil, igualmente veciño da cidade e tamén mestre de cantaría, nomeado por Tabera “...Para ver e taxar os reparos...”.

O importe total destes acadou a cifra de 31.288 maravedís e medio; cargándollos ao tempo da estancia do Patriarca en Santiago, 22.000; ao tempo de Fonseca II, 8.288 e medio; e a Xoán Tabera, 1000. Non hai constancia de tal pagamento por parte do arcebispo de Toledo, Fonseca II. É máis, no concilio de Alcalá (28 de xaneiro de 1534) reafirmáse como exonerado desa responsabilidade: “...Creemos ciertamente que tanto el Sr. Patriarca, como nós, non tenemos obligación de cosa alguna...”. Despois do seu pasamento, o día 4 de febreiro de 1534, foi proposto para ocupa-la Mitra de Toledo Xoán Tabera e vai ser este nomeamento, sen dúbida, o que porá fin ao litixio e, xa que logo, á obriga do pagamento dos custos da reparación.

Despois, o decurso do tempo vai facendo o seu traballo lentamente, mais acotío, a natureza cumpre co seu cometido, os veciños adícanse igualmente aos seus labores e do castelo-fortaleza fican tan só unhas ruínas e mínimas paredes. O castelo está, iso si, na memoria dos libros, na da veciñanza e tamén na daqueles estudosos e amantes da historia de Galicia e da súa xente.

BIBLIOGRAFÍA:

Xoán **Mariño**: *Patrimonio histórico-artístico de Outes* (Vol. I).

Carlos **Barros**: *A revolta irmandiña en Noia, Muros e Outes*.

Xerardo **Agrafoxo**: *A cultura castrexa nos concellos de Outes, Muros e Carnota*.

Xosé Antonio **Gulías Lamas**: *O castelo de Outes e os monumentos medievais do Barbanza*.



Estado actual do castelo de Outes, detalle da muralla.



Depuradora de Mariscos

RAMAIS

Fco. Rama Vázquez

O Freixo - OUTES

Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

A depuración dos mestres de Outes (III).

O castigo a Eugenio Romero Soneira

Xoán Francisco García Suárez

Ao igual que D. Manuel Blanco García (protagonista do anterior artigo), tamén tiven a sorte de coñecer –neste caso moito máis– a Don Eugenio Romero (Eugenio de Fermín), dada a miña relación cos seus netos, Alberto e Xurxo.

A diferenza con Manuel Blanco, Eugenio Romero non foi expedientado exercendo en Outes, senón na parroquia de Viladonga en Castro de Rei (Lugo), tal e como se comproban nos documentos que compoñen o proceso de depuración.

O primeiro informe é redactado o 11 de xaneiro de 1937 polo garda civil de Castro de Rei, Rodolfo Prado Rábade, quen afirma que o mestre da escola da Rúa de Arriba nese Concello de Castro de Rei, Eugenio Romero Soneira, facía propaganda da extrema esquerda para o Frente Popular, saudaba co puño en alto e ensinaba “regular” e “sen entusiasmo”, e que ademais xa estaba suspendido de emprego e soldo e non se presentou na escola desde as vacacións do pasado ano (1936).

Uns días máis tarde o alcalde de castro de Rei maniféstase en termos semellantes, se ben aclara que no que respecta á súa filiación “se dice que a Izquierda Republicana”, e tamén sinala que “desde el mes de julio se halla ausente, ignorándose su actual domicilio”.

O día 28 dese mes de xaneiro de 1937 o cura párroco de Viladonga afirma no seu informe que non asistía á misa e que o día das eleccións do 16 de febreiro de 1936, xunto con varios mozos nas inmediacións do colexio electoral, co puño en alto, levaba unha bandeira “en la que se escarnecía al Clero y a la Guardia Civil”, ensinaba “regular”, e os alumnos saudaban “con el puño en alto”. Remata o informe do cura sinalando: “Han sido muy superficiales las relaciones del informante con el Sr. Romero..., sus simpatías eran del frente Popular”... “fuera de la escuela sus propagandas dejaban mucho que desear en orden a la moralidad”.

José Saavedra Freire, en calidade de “pai de familia” cubre o seu formulario na mesma data que o cura, e o que escribe este home é un auténtico calco do asinado polo párroco, se ben sinala que o mestre é socialista, e sinala tamén que “En sus reuniones fuera de la escuela simpatizaba con el Frente Popular”.

O 27 de xullo de 1937 a Comisión depuradora do Maxisterio de Lugo presenta os cargos contra D. Eugenio Romero Soneira:

1º Cargo: Que él y sus alumnos saludaban con el puño en alto.

2º Cargo: Que es afiliado de Izquierda Republicana, haciendo propaganda de extrema izquierda; en las elecciones del 16 de febrero de 1936 se presentó en unión de varios jóvenes ante un colegio electoral, llevando una bandera en la que se escarnecía al Clero y a la Guardia Civil, cantando y saludando con el puño en alto.

3º Cargo: Que no asistía a misa y fuera de la escuela sus propagandas dejaban mucho que desear en orden a moralidad.

Diante destes informes, a Comisión Depuradora de Lugo, reunida en 22 de decembro dese ano de 1937, escribe sobre o Sr. Romero:

En su profesión cumple regular; los chicos saludaban con el puño en alto.

En su actuación social propaganda de extrema izquierda y prédicas poco morales.

En su conducta religiosa no asistía a misa y escarnecía al Clero.

En política pertenecía a Izquierda Republicana; propagandista del Frente Popular; el día de las elecciones (pon 15 de febrero de 1936) saludó con el puño en alto y llevó una bandera en la que se escarnecía a la Guardia Civil y al Clero.

A pesar de ser reiteradamente requerido, no contestó al pliego de cargos.

Por todo lo cual la Comisión propone por unanimidad a V.E. que dicho maestro sea destituido.

Con este informe elevado á Comisión Superior do Ministerio, este acorda manter a “Separación definitiva del servicio y baja en el escalafón respectivo” (10 de xuño de 1940).

As autoridades franquistas parecían non ter moito apuro en axilizar os expedientes, quizais de xeito intencionado. Reparemos no feito en que o procedemento comeza en 1937 e co mestre xa suspendido de emprego e soldo, e confirmase a condena en 1940, co cal pasan xa tres anos nos que o “acusado” non cobrou un céntimo.

Como vemos, os “cargos” que se lle imputan entran dentro do catálogo de accións que o fascismo reprime con dureza extrema. Temos a convicción de que D. Eugenio Romero non contestou aos cargos polo “simple” feito de salvar a vida, daí que nalgún dos informes se asegure que se ignora o seu paradeiro desde o verán de 1936.


E así debeu ser, a deducir polas informacións do seu neto Alberto, quen asegura que nos últimos días do seu avó, este lle contou como un cura dunha aldea próxima a Sarria lle salvou a vida e outro paisano o levou polo monte ata Lugo. Alí colle destino á Coruña en tren co obxecto de chegar a Santiago e coller o Castromil á Serra. Logo dunha terrorífica viaxe, xa o agardaba a Garda Civil da Serra de Outes (quizais o garda Morgado, protagonista no caso de D. Manolo do Rato). É o momento no que a nai de Eugenio intervéñ diante do sarxento, ao cal lle fai frente, e, logo dunha chamada a un primo con cargo militar,

logrou levalo á casa.

Pero as visitas ao seu domicilio e as constantes “invitacións” a pasear pola Insuela acompañado da Garda Civil, prolongáronse como un durísimo castigo durante moitos anos, ata que nos anos 50 foi “subcontratado” en Mámoas (Mazaricos) e finalmente rematou exercendo en San Ourense.

Ilústrase unha vez máis o terror que imperou durante corenta anos e o brutal ensañamento que a ditadura destilou contra o colectivo de mestres.

Ademais dos veciños de Outes mortos en combate contra o fascismo, os que foron paseados ou fusilados, os que sufriron malleiras e humillacións ou os que fuxiron, están tamén outros que viviron outras formas de represión, como neste caso. Sen embargo, este autor recorda hai uns vinte anos cando se lle oía dicir a algúns veciños de Outes que “aquí non pasou nada”. Case nada.



Morte súbita... ou non

Dr. José M^a Dios Díz

A reanimación cardiopulmonar (RCP), defínese como as manobras que debemos realizar cando vemos unha persoa que entra en parada cardíaca (desmaio brusco). Pode suceder en calquera lugar, e pode pasarnos a calquera. Do que fagamos nos próximos minutos, depende a vida da persoa. Por cada minuto de parada sen facer nada, existe un 10% menos de probabilidade de supervivencia. Tras 10 minutos sen facer nada... máis vale non facer nada. A RCP pode ser básica ou avanzada. A básica é fundamental, sen ela non chegaremos a realizar a RCP avanzada (desfibrilador) con éxito: salvar o paciente.

A parada case sempre é por fibrilación ventricular (o corazón late a unha velocidade exaxerada) e o único efectivo é a desfibrilación eléctrica, cun desfibrilador. Actualmete están colocados en diferentes puntos de xeografía do estado español: aeroportos, campos de fútbol, Centros de Saúde, etc. que contén con numerosas persoas nun lugar determinado.

A parada é un diagnóstico clínico: non se necesita máis que ver o paciente: inconsciente de forma brusca que non responde aos estímulos: falarlle, golpealo, sacudilo, etc. Convulsións: son frecuentes inmediatamente despois da parada; non duran máis de 20-30 segundos e distínguense dun ataque epiléptico en que neste dura de 2 a 3 minutos. Tamén pode haberla no síncope, co cal se confunde a parada, algo que só o dirá o tempo. Ante a dúbida: sempre é una parada. Do síncope recupérase enseguida, e apartaranos o paciente do que esteamos a facer: boca a boca, masaxe, etc.; da parada só se recuperará se o facemos ben. "É mellor una manobra de RCP mal feita, que non facer nada". O que un día foi un síncope, co paso do tempo pode chegar a ser unha parada. Por que se produce a parada? pola caída da perfusión de sangue ao cerebro, ata tal punto que non se pode manter o nivel de metabolismo cerebral, necesario para seguir consciente. No Síncope: é un estado reversible, e na parada non. Que respire o paciente non quere dicir que non estea parado: unha persoa que sofre unha parada cardíaca primaria, pode seguir respirando máis alá de un minuto.

O primeiro que debermos facer É PEDIR AXUDA: berrando. Avisaremos ou avisarán ao 061 do proceso. Segundo, deitaremos o paciente no chan. Se non respira ou respira de xeito estertoroso ou boqueando (similar aos ronquidos): comezar a RCP Básica: MASAXE CARDÍACA DE 30 COMPRESIÓNS (CANTADAS) NA ZONA ESTERNAL, COAS DÚAS MANS ENRELAZADAS POLOS DEDOS, E COLOCANDO O TALÓN DA MAN DOMINANTE NA ZONA ESTERNAL BAIXA (ver gráfico 1). Ritmo rápido e profundo cos brazos estendidos. Despois de 30 compresións, a un ritmo de dar 100 por minuto, ou sexa un ritmo rápido, dar dúas insuflacións: boca a boca: extendendo a cabeza cara atrás (manobra testa-mentón), para abrir a vía aérea, tapando o nariz; coa boca nosa ben aberta, meterlle todo o aire que poidamos na súa boca, en cada insuflación (soprido). Mirar de reollo para o tórax, e ver se se move. Valorar que o paciente non ten unha prótese dental que se movera: sacala pois (gráfico 2).

Coa masaxe, o que pretendemos é acadar unha

Gráfico 1



circulación mínima que axude a manter viábles durante máis tempo o corazón e o cerebro. Colocarémonos á beira do paciente mirando para a súa cara. Só se se creban costelas, falamos dunha boa masaxe.

Chega o desfibrilador (DESA). Os que dan masaxe, deben estar concentrados no tema. Co DESA, comeza a RCP avanzada. O DESA informa de tódolos pasos a dar ata a descarga. Pode usalo calquera. Colocaremos os dous electrodos no paciente, e no lugar indicado neles. O aparato analiza o ritmo cardíaco e diranos o que está facendo e que nos apartemos. Se o ritmo é desfibrilable, diranos que aprememos o botón 3 e apartaremos. Se o ritmo non é desfibrilable, tamén nolo dirá e inda que pulsemos o botón 3, non haberá descarga.

Importante: despois da descarga, fanse de novo 5 ciclos de 30 compresións e 2 insuflacións, e volve a facerse a descarga se o aparato así o indica. Non facer máis de 3 descargas: non valería para nada.

Con estas medidas, calquera de nós, nunha situación dramática, pode manter a un paciente ata que cheguen as asistencias especializadas.




Gráfico 2

CURRICULUM VITAE

Rodrigo Romaní Blanco naceu en Noia no 1957. Licenciado en Psicoloxía pola USC. Fixo estudos musicais de Arpa e Guitarra clásica. Actualmente é director e ademais profesor de arpa e historia da música galega na Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (ETRAD), ademais de director da primeira orquestra folk europea SonDeSeu, todo un referente.

Cofundador do mítico grupo folk Milladoiro, con trece discos entre o 1978 e o 2000, cando decidiu seguir a súa andaina en solitario. Atrás quedaron "In Memoriam", "Jacobus Magnus"... bandas sonoras con Goya incluído en *La mitad del cielo*, *Divinas palabras*, etc. Premios como o "Pedrón de Ouro" no 84, Judie Awards USA no 92, "Vieira de Honra á Calidade Artística" no 2000, por citar algúns. Ten colaborado con Faíscas do Xiabre, con The Chieftains en *Celebrations* no 88, ou Liam O'Flynn... Coa mesma, ten o trío musical Lizgairo con Anxo Pintos e Xosé Liz. Foi produtor dos dous primeiros traballos de Susana Seivane e, como non, do disco tributo ao Poeta Añón, no 2012. Acaba de editar o seu último traballo, *As arpas de Breogán*, toda unha loa á arpa céltica en toda a súa medida como referente idenditario dentro do folk actual; e xunto con *Albeida*, no 2000, e *Cantos Caucanos*, no 2003, fan os tres traballos que posúe en solitario. Tampouco podemos esquecer a laboura tanto na dirección como creación na xa mencionada SonDeSeu.



Entrevista a Rodrigo Romaní

Despois de contactarmos, chegou a data e quedei con Rodrigo no seu refuxio-paraíso terreal onde os haxa, e, tras saudar a súa dona, todo amabilidade, pasamos ao interior do estudio, lugar pracenteiro e acolledor, mesmo en atardeceres frescos como o dese día. Tras departir un pouco sen vir ao caso da entrevista, fomos debullando algúns que outros pareceres para ir entrando en materia entre risas e un par de fotos, dedicatoria incluída, e agradecemento sincero.

Como xa temos lido en anteriores entrevistas súas, non vén precisamente dunha familia de músicos, salvando o caso do seu avó, que era moi afeccionado ao acordeón. Podemos dicir del que é un artista incansable, que recorda aínda con adolescente nostalxia os seus primeiros pasos como autodidacta cunha guitarra e dous sinxelos acordes, e todo iso

mesturado cunha boa dose de estudo e dedicación. Como el di: pois non queda outra! E a base dese esforzo polo ano 1978 cofundou o mítico grupo folk Milladoiro, dando así renda solta á creación plasmada en moitos discos. Tamén incontables concertos arredor de todo o mundo, como aquel en New York, na catedral gótica, aínda hoxe sen acabar, de St. John

the Divine, con moitísimo público, e entre eles uns paisanos cunha pancarta enorme, na que se lía "Esteiro con Milladoiro"; ou en Tokio, ou Arxel na mesmísima Praza da Revolución. Así como os innumerables premios recibidos que están aí, ben altos no estante da memoria de todos.

É un artista que pode botar man de calquera instrumento, sexa guitarra, piano, unha ocarina, un bouzouki, e acabará sacándolle música da boa sen ningún problema. A pesar de todo acabou escollendo a arpa como símbolo de identidade peninsular, como a "Lira do Poeta". E todo a raíz da busca constante dun "son á vez cálido e harmonioso" que ten a arpa, sen que ao mesmo tempo desprazase o son das guitarras e resto de instrumentos, para gañarlle máis sonoridade aos temas do xa mítico grupo folk. E funcionou! (Casualidade, dime polo baixiño).

Xa polo ano 1996, na Universidade Popular de Vigo,



xunto con Ramón Casal, fundaron a primeira aula dedicada á arpa céltica en España. Tamén ata o pasado mes de xuño mantiña un programa de música na Radio Galega chamado "Astrolabio".

Afincado no noso concello dende o 1989, en Albeida, do que xa forma parte da paisanaxe, como diría Otero Pedrayo, pois alí conta coa tranquilidade necesaria e precisa para unha boa creación artística, xa que tamén ten o seu estudio "As Galesas", e mais un inmenso ventanal cara a unha nova dimensión de sentidos e emocións que en poucos sitios se poden atopar (e para unha boa saúde emocional, que tamén hai que dicilo). Coa mesma distráese coa súa solitaria piragua, ou dando longos paseos cos seus cans, Lu e Chuki. Acabou de ler nestes días *A montaña máxica*, de Thomas Mann, que aconsella ler. Acostuma escoitar



m ú s i c a sudamericana, Joni Mitchell, clásico barroco do XIX, Neil Young, Berrogueto, Seivane, etc. e ten tocado jazz clásico de Oscar Piterson.

Cóntanos coa súa voz pausada e clara que segue gozando coa composición, cos temas novos, que non renunciaría á súa faceta didáctica no ensino, o trato cos alumnos, a satisfacción de


gozar cos concertos e coas cousas que lle gustan. E para iso tenta intercalalas en etapas, en breves períodos de tempo, pois non se daría sen ningunha delas. Ultimamente anda inmerso na presentación do seu último traballo, *As arpas de Breogán*, onde lle dedica unha peza ao Poeta, "O feitizo de Añón", emotiva e fresca interpretación coa pequena Noela Dosil.

Como non debería ser doutra maneira, séntese máis que orgulloso de cando formou parte dun grupo para a historia e cun lugar nela, como Milladoiro. Os amigos quedan. Continúa coa busca incesante dunha idea boa que plasmar nese idioma universal que é a música. "O que un leva dentro acaba saíndo sempre. A música que levas dentro non desaparece dun día para outro", apostila orgulloso do pasado, inmerso no presente e esperanzado no futuro. Como a xente de ben. Grazas, Rodrigo, e unha aperta de Xastre.

Disco Outes canta a Añón

"A idea xerminou cando tanto o alcalde D. Carlos L. Crespo, coma o comisario do Ano de Añón, Xoán Mariño, mo propuxeron a mediados do mes de agosto. O principal escollo foi o tempo, pois nesas datas andaba liado co meu novo disco, e por outra banda, a diversidade de persoal que ía intervir no evento: por un lado a Banda Municipal de Gaitas, a de Música, as Corais (O Peirao, O Solpor e F. Añón). Había que escoller as distintas pezas a interpretar, os arranxos, composicións propias, poñer os integrantes de acordo para gravar... Era pois todo un conglomerado e moi pouco tempo; como digo, foi complexo.

A pesar de todo resultou un traballo satisfactorio para o que o fixo e ademais para o que o escoite nun futuro, pois nel aglutínase o bo facer e participación desinteresada de todos os que nel participaron. Ademais dos antes mencionados, non esquecemos as que recitaron poemas, do club de lectura de S. Lourenzo (E. Insua, Josefa G., M. C. García) e Ánxela Tobío, o quinteto de vento, a pequena Noela Dosil acompañándome nunha peza propia, ou a letra de Xastre que acaba por ensamblarse de forma natural en todo o conxunto. Agradecido tamén a Manuel Blanco, a Domingo Barreiro e a Edelmiro Fernández, pola súa disposición incondicional ao longo de todo o proceso creativo, extendido tamén de modo xeral a todas as persoas que fixeron posible esta pequena homenaxe a un home tan grande na nosa cultura".



Parabéns, Agustín!

Dende esta modesta redacción, parabéns para o noso veciño de San Ourente Agustín Carou Louro (de 15 anos, bo estudante de 4º da ESO no IES Poeta Añón), pois no pasado mes de decembro acadou a medalla de ouro, categoría Junior, no Campionato Nacional de Taekwondo, celebrado en terras de Gandía. Case nada! Parabéns tamén aos seus compañeiros do Club Maniotas de Noia, onde hai máis outenses a conseguiren distintos premios na mesma disciplina. Queremos salientar que Agustín xa leva desde os cinco anos compaxinando este deporte coa participación como membro activo da banda de música de Outes, onde toca a trompeta. Todo un exemplo de organización.



GASTRONOMÍA

Pastel de castañas

Ingredientes:

- ¾ kg de castañas
- 150 grs. de fariña
- 1 vaso de leite
- 100 grs. de azucre
- azucre glas
- 3 ovos
- 50 grs. de manteiga
- 1 póla de canela
- auga e sal
- piñóns (optativo)
- castañas confeitadas (optativo)

Preparación:

- Cocer as castañas nunha ola con auga, un chisco de sal e a póla de canela.
- Unha vez cocidas, pasar polo pasapurés e poñelas nun bol grande. Engadir a manteiga, o leite, o azucre e os ovos; mesturar todo cunha culler de madeira e, mentres se bate, engadir pouco a pouco a fariña.
- Engraxar un molde con manteiga. Botar nel a mestura, meter no forno prequentado uns 30 minutos ata que se doure. Desmoldar e deixar enfriar.
- Para servir, cortar en porcións e engadirilles azucre glas. Tamén se pode engadir piñóns e castañas confeitadas, antes de meter no forno.

M.C.G.



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60
NOIA

Premio Barbantia

O pasado 15 de decembro, o presidente da ACC Terra de Outes, recibiu o premio á iniciativa cultural do Barbanza que entrega a Asociación Barbantia cada ano a entidades e personalidades que se distinguen pola súa actividade cultural na nosa comarca e en Galicia, recoñecemento que xa recibiu hai un par de anos a nosa veciña de Ribademar Tina Formoso en representación da Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística. O acto, que nesta ocasión se celebrou na Casa da Cultura de Lousame, estivo presidido pola alcaldesa do Concello, Teresa Villaverde, xunto cos presidentes da Deputación da Coruña, Diego Calvo, e da Asociación Barbantia, Xesús Laiño. Tras recibir o galardón, Xoán Mariño, ademais de agradecer o premio, pediulles aos asistentes o seu apoio para todos os esforzados defensores da lingua galega, como a propia entidade convocante, sobre todo nestes tempos tenebrosos nos que un neocentralismo aferrollante que domina todos os resortes do poder pretende liquidar calquera diferencialismo e con el a identidade nacional galega, e pechou a súa intervención ao berro de **Queremos Galego!**



X aniversario do afundimento do Prestige

Xoan X. Mariño

O pasado mes de novembro cumpríronse 10 anos do fatal accidente do petroleiro *Prestige* nas nosas costas, cuxa incompetente xestión por parte das autoridades deu lugar á maior catástrofe medioambiental que sufriu Galicia en toda a súa Historia.

A limpeza das costas ennegrecidas polo chapapote ficou en mans dunha multitude branca de voluntarios que logrou extraer en poucos meses a maior parte do fuel que contaminaba as nosas rías, ao tempo que ao berro de “Nunca Máis”, feito oír polos catro costados da nosa Terra, a cidadanía esixía a dimisión dos responsables, levando incluso a súa indignación a Madrid nunha marcha memorable protagonizada por centos de milleiros de galegos e galegas o 23 de febreiro do 2003.

Como continuidade da *Plataforma Nunca Máis* de Outes, activa participante naquela marea de dignidade, naceu a nosa asociación, co firme propósito de ter preparados aos seus membros para dar resposta inmediata a un novo desastre ecolóxico para o cal, pasada unha década, segue sen haber medios cos que combatelo.

Integrantes da *Plataforma Nunca Máis* de Outes con Miguel de Lira, logo de participar na limpeza da Praia de Ardeleiro, na carpa dos voluntarios de Lira. Xaneiro de 2003.



Unha peniña

Sempre houbo xente así, aquí e en todos lados, pero non deixa de sorprenderche por moito que esta parelliña de feito leven repetindo a mesma xogada... pois nunca se verán fartos do mísero carto. Mais unha das cualidades que ten esta xentiña é que os demais non che importan ou coa mesma impórtanche moi pouco, ou sexa, indirectamente proporcional ao criterio do money... pois os servizos están cubertos, non si?, ao resto que lles dean!! Se hai que ir por unha fatalidade a Noia p.ex. buscar unha medicina, pois Noia, total está aí ao ladiño, que sexa todo polo servizo, que eles non son os que sofren, pero son os que cobran, que soa millor. Resoa unha voz interior que di que endexamaís estarán fartos... (xa son as cinco... hora do té no Ceilán... paspán!!). De que me soa ese nome?... Cei...lán... Ce...i...lán... Agora caio, o ditoso Hospital, o negocio fallido do século pasado. Unha peniña!!

E despois escoitas na radio ou na MTV p.ex. unha voz crítica da situación, preguntándose en voz alta para variar, por que as institucións públicas que, hai p.ex. oito anos, deron unha serie de permisos de apertura... a estas alturas parecen moi empeñadas en anular por motivos... poboacionais?, que pasa?, que só perdeu xente Outes?, pensa male...

No mesmo programa, seguindo coa coña e entre risiñas, referíanse á perda dos servizos que a devandita prestaba, pois cómoda si que o era para a xente de arredor, mais... e a perda de emprego?, ou as hipotecas que dependen dos postos de traballo... que?... Cando a un non lle interesa integrarse na comunidade onde saca os beneficios, pois mal imos; e outra cousa, o usuario deses servizos, hoxe en día decátase de todo, e ao final... como aquel aparello que o arrebolos e acaba volvendo co risco de darche nos propios beizos, pois... todo pode pasar!!

Non esquezamos que os elfos seguen traballando na escuridade, e pola contra tamén segue habendo moito refrito sen memoria, pero o pobo esquecerá tan facilmente?? O tempo poñerá o nome e os apelidos, pois é moita headache, meu.

Lusco e Fusco

LOTERÍA

O número 23.573 co que Terra de Outes xogou á Lotería do Nadal foi premiado con 100 € por décimo. As participacións (20€ cada unha) pódense cobrar na oficina da CaixaGalicia de Outes.

ASÍ NON



Chóvenos un día e tes que aparcar nun barrizal. Non estaría de máis adecentalo con grava ou algo similar para evitar tal despropósito!

ASÍ TAMPOUCO



Que o de "humanizar" está ben... A nova ubicación dos colectores ben... Pero os buratos e vicios de sempre... mal. Asfaltar xa!

NIN DE COÑA



No seu día indicaba un STOP; case nada... E agora?... Unha piruleta... (ata que pase algo máis...).

LECTURAS RECOMENDADAS

POESÍAS GALEGAS

Francisco Añón Paz

Ed. Deputación da Coruña

2012

O Concello de Outes tivo a feliz iniciativa de reeditar, no ano da celebración do bicentenario do nacemento do poeta Añón, aquel libro que en homenaxe ao mesmo editara no ano 1966 a Real Academia Galega ao adicarlle o Día das Letras Galegas ao poeta de Boel. Unha lúcida e feliz iniciativa que merece o correspondente recoñecemento.

Foi presentada dita reedición ao público na

Casa da Cultura de Outes, no contexto das xornadas conmemorativas do bicentenario do seu nacemento (6, 7 e 9 de outubro- 2012) co compromiso expreso do responsábel da área municipal de Cultura de enviarlle a cada un dos domicilios outenses un exemplar desta reedición. Añón meréceo e a veciñanza de Outes tamén. Parabéns, pois!

Rebeldía e lucidez son quizabes conceptos que poden caracteriza-la poética de Añón. Rebeldía como orixe da súa actitude estética, e lucidez como compromiso á hora de matinal-la realidade. Son, na miña opinión, as características literarias dunha figura cívica, comprometida co seu tempo, de **Francisco Añón**. Na poética de Añón rebeldía significa tamén compromiso coa utilización literaria dun idioma desprezado pola cultura oficial e relegado ao ámbito rural-familiar. Lucidez, neste caso, é sinónima de ideoloxía, porque o simple uso do galego literario naquelas circunstancias pode ser definido como ideoloxía galeguista.


Adentrándonos xa no contido do libro hai que dicir que nos imos atopar co **Añón** intimista, nostálgico, romántico, irónico; co **Añón** dos himnos ardentes, reivindicativo... Pero sobre todo co poeta amante da súa terra: a pequena e máis próxima, mais tamén coa meirande. Con Galicia.

O libro contén unha nota da RAG, un limiar de Xosé María Álvarez Blázquez, as poesías galegas compiladas de **Añón** (as que se conservan) e nove apéndices da autoría de: V. Novo y García, Uxío Carré Aldao, Vicente Risco, Antonio Villar Ponte, Fernando Martínez Morás, Ramón Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brey, José M^a Álvarez Blázquez e do catedrático Ricardo Carballo Calero.

Esta reedición da obra poética da figura máis atractiva dos precursores do Rexurdimento, do fillo máis recoñecido de Outes, foi sempre arelada pola veciñanza. Non me resisto a facer mención daquela xeración de intelectuais, **Francisco Añón** entre eles, que centran as súas preocupacións na realidade galega.

Que gocedes da súa frescura literaria e que este libro fique por sempre nos fogares de Outes!

Mingucho Campos



LECTURAS RECOMENDADAS

EMILY ON THE ROAD

Ramón Blanco

Acha Escriba Editora


Novembro, 2012

Emily on the road é o segundo libro de poemas de Ramón Blanco, seguindo a estela do seu *Orfeu en soños* publicado no ano 2005 coa editorial Toxosoutos. Ámbolos dous volumes son testemuño dunha continuidade evidente que vai máis alá da persoa física do autor (na temática e nas imaxes órficas, por exemplo, máis claras agora; no emprego da intertextualidade e múltiples voces, no emprego de formatos poéticos experimentais e de recursos e imaxes propias de Ramón Blanco), mais tamén de importantes innovacións, como é de agardar nun poeta nada acomodaticio, arriscado, experimental e que, lonxe dos fósiles, evolúe nos seus xeitos de vivir, pensar e escribir. Todo flúe, mais o río (do tempo) é sempre o mesmo.

Emily on the road é un longo poema narrativo, que percorre non un río, senón unha estrada e unha noite: 'road movie' é un dos alcumes con que o describe o seu autor. A viaxe cara ao oeste, con múltiples paradas, é o seu mecanismo de artellación básico; unha viaxe que podemos interpretar en parte de xeito literal, unha xeografía contemporánea de peiraos, moteis e autoestradas, mais tamén cunha xeografía mítica. Dous son os protagonistas deste percorrido: dun lado temos o condutor, unha voz poética innominada que poderíamos imaxinar (dentro das licenzas ficticias que sempre impón a ficción) como un trasunto literario do autor e como unha recreación do mito e da figura de Orfeo, xa presente no primeiro libro; doutro a Emily (Dickinson), unha camiñante pola estrada e a noite que se converte na guía do condutor, nun interesante xogo de reflexos e inversións (a conducida é a condutora; a poeta célebre por nunca saír da casa emprende o percorrido e a aventura, etc.). Sobre o telón de fondo destes dous hai sombras e ecos doutras personaxes, xunto coa propia Noite, o Percorrido e outros fondos que cobran viveza e carácter ao longo dos versos que nos ocupan. Un percorrido e unha noite míticos, diciamos, alén de reais; percorrido tamén pola linguaxe e as súas ficcións ou pola morte 'negra noite da alma' na que poderían ou non estaren sumerxidas as personaxes.

Hai en *Emily on the road* un poema-aluvión que foi cocido ao longo de moitos anos, nun esforzo de síntese, de collage, de mestura produtiva: son evidentes os elementos modernos que o forman (a cultura beat, *On the Road* de Kerouac, o jazz, os espazos urbanos), mais conviven en rivalidade cos clásicos: sobre todo co mito de Orfeo dixerido a través das óperas e textos da antigüidade e o Renacemento (latexando na sombra Sannazaro), mais tamén do Dante (coa poeta Emily Dickinson, como diciamos, facendo de nova 'Virxilia' dun novo Dante, no seo desta *Divina Comedia* (negra). O diálogo con múltiples textos e voces reproducese dende o adro do libro, onde tal que nun adro real de igrexa galega, conversan nunha conversa imposible e imaxinaria varios autores de sona arredor dos temas, e das teimas, do libro. Tamén conversan outras artes: as imaxes, auténticas pictorializacións e encarnación en emblemas visuais dos seus versos (obra de Manuel Mariño Reino) e os sons do jazz e do saxo (que da man de Pablo Sax acompañan os recitados en directo deste poemario). Non entraremos moito na escuridade, pois como dicía Nietzsche, esta pode devolvernos a mirada e arrastrarnos ao seu seo. *Emily on the road* é un poema lunático, delirante, escuro, tenebroso, onde a voz poética de infernos persoais (non de lume, mais de dor, frustración, amor frustrado, morte, dependencias, imprecisións e falsidades lingüísticas) uns versos e un poema maxistral, terapéutico, sabio. Unha meditación sobre a vida, a linguaxe e as falsidades que broslan ámbolos dous. Na lectura que fagades, os versos do poeta deberán facervos de guía: que eles vos acompañen para que non vaiades en tombos pola noite e sexades consumidos polo lume.

Manuel do Río



Congreso Francisco Añón

Xoán X. Mariño (Comisario do Ano Añón)

Na Cidade da Cultura de Santiago, e co patrocinio da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, desenvolveuse durante os días 4 e 5 de outubro un congreso centrado na figura do noso ilustre escritor, no que participaron destacados especialistas como: Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega; Gonzalo Navaza, profesor na Universidade de Vigo; Manuel González, membro da RAG; Pilar Sampedro, que fora directora do IES Poeta Añón; Manuel García Sendón, catedrático de Lingua e Literatura Galega; Rosario Álvarez, profesora da Universidade de Santiago; Xesús Alonso Montero, investigador, escritor e académico; Ramón Blanco, profesor e escritor; e Víctor Freixanes, editor.

A través das súas intervencións puidéronse calibrar as auténticas dimensións literarias do noso poeta, cuxa posición na Historia da Literatura Galega está moi infravalorada, polo que estas xornadas adicadas a revalorizar o seu papel estiveron plenamente xustificadas. De pasada mencionouse que a contribución dos outros membros do Prerrexurdimento, Xoán M. Pintos e Alberto Camino, a pesar do seu empeño permanente, non acadan a importancia de Añón porque ambos carecen da súa categoría literaria e, sobre todo, capacidade creativa. Por este motivo o corpus temático, lingüístico e incluso forma do noso escritor é moito máis trascendental. Ficou claro para cantos asistiron a este congreso o papel de Añón como auténtico forxador do galego literario e, por conseguinte, a conformación do galego como lingua culta sobre a que se asentou a pervivencia da cultura galega diferenciada.

Para o mantemento do facho aceso da esperanza para a conservación da lingua galega, esas mil primaveras máis que pedía Cunqueiro, foi especialmente decisivo, por unha parte, como ficou de relevo no documental elaborado por Óscar Sendón

e Juan Silva, o pobo de Outes, cuxos veciños son capaces de recitar de memoria os seus poemas, cousa que non poden facer os paisanos de Avilés de Taramancos, Manuel Antonio ou Uxío Novoneyra cos seus versos. Por outra parte, a Real Academia Galega, adicándolle o Día das Letras Galegas de 1966, non só o recuperou para a Historia da Literatura Galega, senón que lle deu difusión á súa obra mediante a publicación dos seus poemas galegos. Por último, a Secretaría Xeral de Cultura, que puxo a disposición dos organizadores a Cidade da Cultura, magno espazo que, non cabe dúbida, constituíu unha gran caixa de resonancia para a pretensión dos promotores do congreso, a de resituar a Añón, sacalo do acantoamento ao que o condenaron Manuel Murguía e Carballo Calero, que pasaron de longo por el, para encumalo ata o lugar que merece o gran arquitecto que conformou o galego como lingua culta, que é a base mesma sobre a que se asenta o Rexurdimento e, por ende, a literatura galega contemporánea; e, polo tanto, como artífice da supervivencia da identidade galega diferenciada.



Actividades realizadas polo IES Poeta Añón no bicentenario do poeta

1. Calendario ao comezo de curso (cos colexios).
2. Marcadores de lectura (cos colexios).
3. Asistencia ao recitado de poemas por parte de usuarios do centro ocupacional de Valadares (ver foto).
4. Recitado de poemas aos maiores do centro de día.
5. Participación no concurso de debuxo.
6. Lectura conxunta de todo o alumnado na "hora de ler" (luns de novembro); a esa hora todo o centro estivo lendo a Añón nas aulas.
7. Festival do Bicentenario: leu poemas alumnado do centro.
8. Concurso *Que sabes de Añón*.
9. Exposición sobre o poeta.
10. Distribución dun tríptico a todo o persoal do centro sobre a vida e obra do poeta.

Manuela Campos



A outra xente de Outes: Pan de Cóbrega

Paz González

Pan de cóbrega, pan de sapo, nomes representativos do que para o noso micófono pobo son os cogomelos: alimento para eses pouco apreciados bichos e por tanto pouco apreciados tamén. Mala fama inxustificada a duns e doutros. Cóbregas e sapos considéranse animais noxentos e nocivos, esquecendo que ámbolos dous contribúen de xeito importante á loita contra as pragas que afectan os nosos cultivos e que, contra o que dita a superstición, non nos producen ningún mal, cando menos non máis que os nosos propios conxéneros ou moitos dos seres vivos polos que non dubidamos en pagar sumas importantes. Quizais a mala fama dos cogomelos se deba máis á súa relación coa práctica da bruxería (como sosteñen Marisa Castro e Luís Freire, dous dos principais divulgadores en Galicia das virtudes dos cogomelos) que ao feito de que algúns deles sexan mortais. Todos coñecemos os instrumentos científicos que usa a igrexa cando dita doutrina.

Compartir o meu gusto por saír ao campo no outono coa desculpa de recoller cogomelos pareceume motivo suficiente para adicarlles este artigo, mais a medida que ía pensando en como enfocalo, decateime de que ao facelo tamén contribuiría a despertar o interese por uns organismos fascinantes pola súa gran variedade tanto a nivel morfolóxico como ecolóxico, a desterrar os prexuízos que os arrodean e, por suposto, a alertar sobre o perigo que supón abandonar a prudencia á hora de consumilos.

Os cogomelos non son animais, a pesar de que son heterótrofos coma estes (necesitan alimentarse doutros seres vivos ou dos seus restos) nin vexetais, aínda que pola súa incapacidade para moverse ou o seu aspecto o parezan, pois non poden realizar a fotosíntese. Pertencen ao Reino Fungos, un reino que por ser tan diverso é difícil de arrombar internamente, polo que sufriu numerosas modificacións ao longo do tempo. Mais para nós é dabondo saber que inclúe organismos microscópicos como os lévedos ou os mofo e outros macroscópicos como os propios cogomelos e os líques.

Coñecer algúns dos seus representantes permítenos decatarnos da gran importancia que para nós teñen os fungos. Que sería de nós sen os lévedos cos que elaboramos o pan, o viño ou a cervexa? Que sen a penicilina que Fleming descubriu por casualidade cando un mofo contaminou os seus cultivos de bacterias?

Do mesmo xeito que son diversos nas súas características morfolóxicas, tamén o son no seu modo de vida e polo tanto no seu papel ecolóxico. Así, se temos en conta o tipo de alimentación, podemos atopar fungos saprófitos, que se alimentan de materia orgánica morta; fungos simbióticos, que viven asociados a outros organismos resultando mutuamente beneficiados; e mesmo fungos parasitos, como os que nos producen as micoses.

Os fungos saprófitos son os responsables, xunto coas bacterias, da descomposición dos restos orgánicos xerados ao transformalos en nova materia inorgánica asimilable polos vexetais. É dicir, non só impiden que se acumulen residuos orgánicos indefinidamente senón que producen a súa reciclaxe, xerando novos nutrientes que os organismos fotosintetizadores, os produtores, empregarán para fabricar novamente a materia orgánica que sostén toda a vida nos ecosistemas.

Entre os fungos simbióticos, algúns sorpréndennos por curiosos, é o caso das formigas cortadoras de follas que cultivan fungos para alimentarse deles (quen nos dera poder facer o mesmo con moitas das especies que máis apreciamos na cociña), mais a súa importancia ecolóxica vai máis alá da simple anécdota. Unha boa parte das plantas superiores teñen relacións simbióticas con fungos sen as que non poderían desenvolverse. Destas asociacións, que se denominan micorrizas porque se realizan nas raíces, o fungo obtén azucres e outras substancias orgánicas que elaboran as plantas; e estas obteñen auga, nutrientes minerais, unha maior superficie radicular e unha barreira física e química (grazas aos antibióticos que xeran os fungos) que as protexe fronte a axentes infecciosos e tóxicos. O coñecemento destas asociacións é bastante recente e está levando a un novo enfoque na planificación das explotacións forestais.

Outro exemplo de simbiose curioso, á vez que importante, constitúeno os líques, formados pola asociación simbiótica obrigada (os organismos non poden vivir independentemente) dunha alga e un fungo. Estes organismos empréganse

como bioindicadores de contaminación atmosférica pola súa gran sensibilidade a esta e permítennos con só unha ollada coñecer a saúde do noso aire.

Respecto dos parasitos, aínda que nos poida parecer difícil atoparlles o lado positivo, basta pensar que poden servir para o control de certas pragas, como ocorre coa procesionaria, que é parasitada por un fungo que actúa como insecticida natural.

Volvamos aos cogomelos, tras esta breve panorámica do reino ao que pertencen. Que son? Por que só aparecen en certas épocas e tan misteriosamente como chegan se van? A razón é que os cogomelos non son o organismo en si senón o seu aparato reprodutor, o órgano encargado de producir as esporas das que xurdirán novos individuos. A parte vexetativa do fungo, que perdura tras o breve pero espectacular período reprodutivo que inunda de formas e cores os nosos campos, está formado por unha serie de filamentos denominados hifas que forman unha maraña: o micelio. Este, moito máis discreto que os cogomelos, vive no solo ou no interior da codia das árbores, de excrementos ou doutros restos orgánicos. Tende a medrar radialmente desde o centro, de aí que ás veces os cogomelos se dispoñan en círculos case perfectos formando os corros de bruxas.

A forma dos cogomelos é moi variada pero os máis deles teñen un pé e un sombreiro baixo no cal se atopa a parte fértil, produtora de esporas, que pode estar formada por láminas (como nos choupíns), pregues (como nas cantarelas), tubos (como nos boletos) ou púas (como na lingua de vaca).

A identificación dos cogomelos realízase basicamente polos seus caracteres macroscópicos (tamaño, forma, cor, superficie, etc) e organolépticos (olor e sabor, fundamentalmente), pero como é imposible dar pautas a seguir en tan pouco espazo, centrareime en certos consellos que considero imprescindibles á

hora de iniciarse na recollida de cogomelos para o seu consumo.

A primeira e máis importante é a prudencia: calquera dúbida na identificación dun cogomelo debe levarnos a rexeitar o seu consumo. Son poucas as especies perigosas, pero un erro pode conducir á morte e non hai ningunha receita que nos permita recoñecerlas salvo unha correcta identificación. Por isto, considero tan importante como coñecer os cogomelos comestibles, coñecer os máis tóxicos, en especial os mortais.

Seleccionar para a recollida as especies máis doadas de recoñecer e que non poidan ser confundidas con especies tóxicas. Unha boa norma a seguir é coñecer non só as especies que nos interesan senón tamén aquelas coas que se poden confundir e procurar

comparalas para así ir adquirindo ferramentas que nos permitan distinguilas con facilidade.

Utilizar correctamente as guías de campo e, a ser posible, máis de unha. Nestes tempos en que a imaxe ten máis peso que a palabra escrita, temos tendencia a mirar só os "santos" dos libros, porén a pouco que botemos unha ollada ás fotos das guías veremos que o parecido entre as distintas especies é tal que unha boa identificación require unha observación detida dos caracteres que se describen no texto. As guías inclúen chaves dicotómicas que mediante a observación dos caracteres máis significativos nos conducen á ficha da especie que queremos identificar.

Aproveitar as saídas ao campo para recoller especies que non coñecemos e que despois podemos identificar con calma na casa tamén nos axudará a adquirir seguridade. É útil tamén fotografar os exemplares no seu hábitat.

A mellor forma de iniciarse no mundo dos cogomelos é participar nalgún curso micolóxico dos moitos que se celebran en Galicia ao comezo do outono, pois contan con persoas expertas que dun xeito práctico nos amosan moitos trucos que non é doado incluír nas guías. E como non, adquirir algunha guía, mellor se é específica dos cogomelos de Galicia. A modo de recomendación dúas: *Sets de Galicia y del Noroeste Peninsular*, de J.M.C. Marcote e outros, editada por Edicións do Cumio neste 2012 (mágoa que non estea en galego como as edicións orixinais) e *Guía micolóxica dos ecosistemas galegos*, de Marisa Castro e outros, editada por Baía Edicións no 2005.

Como xa entrou o inverno, a peor época para a recollida de cogomelos, temos que esperar á próxima primavera para poñer en práctica estes consellos, pero mentres podemos seguir saíndo ao campo, queda alí moita xente por coñecer!



Pílulas do Lcdo. Añón: á venda só en farmacias (I)

Ramón Blanco

No número anterior desta revista o Dr. José M^a Dios facía un comentario literario-científico do famoso poema "A miña enfermidade". Tamén outro doutor, Andrés J. Abad, publicara en xullo de 1964 un traballo titulado "La Medicina en la poesía de Añón", en *Airiños. Revista de la Asociación Casa de Galicia de Buenos Aires*. Remito ás lectoras interesadas a eses dous textos. Non sabemos a causa exacta da "enfermedá" de Francisco Añón. No século XIX (e até mediados do XX) non se falaba de diferentes tipos de hepatites; aínda non se tiñan coñecementos precisos sobre os aspectos clínicos das hepatites víricas. A porcentaxe de estudantes de Medicina en Santiago de Compostela na época universitaria de Añón era aproximadamente do 3%. Aínda así, o tema que defendeu xa en 1840 o médico Tiburcio Faraldo (irmán do líder estudantil provincialista) para obter o grao de bacharel foi "La Hepatitis es consecutiva muchas veces de la Gastroenteritis". O artigo do Dr. Dios comeza coa explicación de Victorino Novo y García: Añón morreu dunha "Hepatitis Crónica que enxendrou a Ascite". O Dr. Abad fala de "cirrose hepática". O poeta atreveuse con outro diagnóstico: "De duros un-a poutada/ Podrá curarme a hepatitis./ Enfermedá condenada./ Cando vén acompañada/ D'un-a gran sindineritis". Segundo os libros do madrileño Hospital da Princesa, ingresou alí (quizais para ser operado) ás cinco da tarde do 14 de abril de 1878, "padecendo afecto hepático"; e faleceu de "cancro de fígado" ás 4 da mañá do día 20. Cunha mellor atención sanitaria quizais puidese sobrevivir e isto dáme pé a redactar unhas notas farmacolóxicas, a modo de pílulas, agora que vimos de perder un servizo farmacéutico no concello. Haberá un pouco de todo, como en botica. Mais para a cobiza empresarial e a desidia administrativa non hai remedio que valla, non teñen cura.

***Menciñas e medicinas

No poema "A miña enfermidade" o doente acode a un médico francés: "E espetoume tres recetas/ que custaban seis pesetas". Facendo unha lectura política do texto, que tamén a ten, as tres **receitas** serían: *liberté, égalité, fraternité*. Como non as pode pagar a enfermidade avanza. Añón faleceu en 1878, e daquela non existían políticas de protección social; para facérmolos unha idea do que iso supoñía só fará falta agardar uns poucos anos, cando os psicópatas e delinquentes que moven o mundo culminen o seu demoledor proxecto de apropiación. Despois veo un galeno italiano: "E tirou d'a faltriqueira/ Un-a bonita carteira./ Qu'era a súa gran farmacia;/ Ponderou sobremaneira/ D'os grauíños a eficacia./ Engulin homeopatía/ Con pouca fé e esperanza". Da **homeopatía**, inventada a finais do XVIII, comezaron a chegar noticias a España

en 1821. En Madrid créase en 1845 a primeira sociedade española de homeopatía e o 2 de febreiro de 1878 (o noso poeta morre en abril) abreu as portas na cidade o primeiro hospital homeopático, o Hospital San José. Quizais fose Añón o primeiro en utilizar a palabra "homeopatía" nun texto no noso idioma -e así se constata na páxina web do TILG (Tesouro Informatizado da Lingua Galega)-, onde queda claro o pouco que se fiaba desta medicina alternativa. Por último recorre a un doutor portugués, quen o encomenda ás plantas medicinais: "Mas de manhan tomará/ Raiz de carqueija macho/ Con seis chavenas de chá". E entón: "Á o herbolario Garduña/ Pedinlle: macho carquesia...". O máximo divulgador das virtudes curativas da **carqueixa** fora xa Frei Martín Sarmiento, quen escribiu en 1759 un sonado opúsculo sobre o tema (Toxosoutos publicou no 2002 a edición de Clodio González). E aínda escoita outro consello: "Díjome o tío Cucaña:/ O papel Fayard non dáña...". Os **Fayard** eran papeis impermeábeis que contiñan un emplasto a base de aceite de oliva, minio pulverizado e cera amarela que se empregaba como revulsivo lixeiro para tratar reumatismos e bronquites. Mais responde o enfermo: "-S'hey de curar con papel/ Será d'o Banco d'España". Velaquí o único medicamento eficaz: o diñeiro, como ben saben quen xa saben.



A Homeopatía vendo os horrores da Alopátia.
Alexander Egorovich Beideman, 1857.



FEDERÓPTICOS LARRONDO

PORTA DA VILA, Nº 13
NOIA
TLF. 981 822 452

AVD. DE COMPOSTELA, 13
OÜTES
TLF. 981 850 953

GRADUACIÓN DE SU VISTA
CONTROL DE LA
MIOPIA
LENTES DE CONTACTO
AUDÍFONOS
PARA SORDOS
CERTIFICACIÓN AENOR DE
CALIDAD DE SERVICIO

www.federopticoslarrondo.com
larrondo@federopticos.com